



**Defendamos o ensino público!
Retirada inmediata
dos plans de Boloña
e todas as medidas privatizadoras!**

Por un posto de traballo
digno ao rematar os estudos
Nin un euro do peto dos traballadores
para os banqueiros
Que a crise a paguen os seus responsables:
os capitalistas

Todos á loita!

FOLGA XERAL 4 de marzo



Nos meses de Outubro e Novembro, as folgas convocadas en defensa do ensino público polo Sindicato de Estudiantes foron secundadas masivamente e máis de 200.000 mozos saímos á rúa nas deces de manifestacións que se organizaron ao longo e ancho de todo o Estado. Desta forma mostramos o noso máis absoluto rexeitamento ás políticas de privatización do ensino público que se están aplicando de xeito xeneralizado; tanto nas Comunidades gobernadas polo Partido Popular, con Madrid e Valencia á cabeza, como nas gobernadas polo PSOE, especialmente en Catalunya, onde a través dunha nova lei educativa pretenden privatizar ata a xestión dos institutos públicos.

POÑER A UNIVERSIDADE EN MANS DAS EMPRESAS

Sen dúbida o ataque máis destacado ao que nos enfrontabamos os días 22 de outubro e 13 de novembro era a aplicación do Proceso de Boloña (Espazo Universitario Europeo). Supón un catálogo de medidas para privatizar a Universidade pública e a súa nova estrutura (cos graos e posgraos) está destinada a expulsar aos fillos dos traballadores da universidade. Os imprescindibles posgraos (o título que terá realmente validez) terán prezos prohibitivos (en torno aos 3.000 euros) e serán as grandes empresas multinacionais as que determinarán que carreiras e contidos se impartirán nas aulas. Ademais o goberno pretende substituír as becas no Postgrado por préstamos bancarios. En lugar dunha beca, Bolonia ofrece unha hipoteca. (Ver documento de análise de Boloña na web do Sindicato)

Deste xeito preténdese converter o dereito ao ensino universitario nun lucrativo negocio privado e expulsar da universidade a deces de milleiros de fillos de traballadores que non poden permitirse o custo dos estudos superiores. En definitiva, privatizar un servizo esencial,

exactamente igual que pretenden facer coa sanidade pública ou a auga, seguindo o modelo aplicado nos Estados Unidos nas últimas décadas.

Dende algúns medios de comunicación, supostamente progresistas, nos acusan de non querer converxer con Europa e de ser inmovilistas. Nada máis lonxe da realidade! Precisamente os fillos dos traballadores somos os principais interesados en poder acceder a unha Universidade pública e de calidade, para o que faría falta investir un 2% do PIB, como fan os países máis desenvolvidos de Europa, e non estar por baixo do 1,5% como é o caso do Estado español. Tamén somos os mozos de familias obreiras os que queremos que se amplíe a política de bolsas para aqueles que temos maiores dificultades económicas e que os estudantes con bolsa pasen de ser un pírrico 14%, como sucede actualmente no Estado español, a un 40% como ocorre nos principais países europeos.

Pero as medidas privatizadoras non só afectan á universidade. O goberno do PSOE aprobou un endurecemento da selectividade, para limitar o acceso dos estudantes de secundaria ás facultades. Elabórase unha reforma da Formación profesional que, na práctica, significa unha absoluta devaluación e degradación deste sector educativo. E, por suposto, séguense a destinar milleiros de millóns de euros dos orzamentos públicos ao ensino privado concertado.

CARTOS PARA OS BANQUEIROS, SI E MOITO. CARTOS PARA O ENSINO, PARA A SANIDADE E PARA OS PARADOS, NON, POR SUPOSTO

Dende o Sindicato de Estudiantes esiximos ao goberno do PSOE que debe rectificar inmediatamente a política que está levando a cabo, non só en educación senón en todos os seus aspectos fundamentais. Millóns de mozos e tra-

balladores votaron a Zapatero para que garantise uns servizos públicos de calidade e mellorase as nosas condicións de vida e traballo, non para que aplicase as mesmas políticas reaccionarias que o PP levou adiante nos seus escuros anos de goberno: Rebaixas fiscais aos máis ricos, privilexios á Igrexa, privatización do ensino público, recorte de dereitos democráticos...

Na época de suculentos beneficios para un puñado de grandes empresas, as nosas familias, barrios e escolas non viron por ningún lado máis que migallas, cando non recortes presupuestarios. E agora que chegou a crise queren que sexamos nós os que paguemos os pratos rotos. O máis increíble é que nun momento en que a cifra de parados xa superou os tres millóns, en que milleiros de familias pasan por unha situación dramática, o goberno do PSOE agasalle 150.000 millóns de euros a...os banqueiros!! É así como se protexe aos máis débiles? É realmente esta unha política socialista?

A LOITA DA MOCIDADE EN GRECIA E EN ITALIA, UN EXEMPLO INSPIRADOR

O descontento que está a xerar esta situación en todo o mundo podémolo ver graficamente en países como Grecia. Tan só nos dous últimos anos producíronse dez folgas xerais e, no mes de decembro, un potente movemento de estudantes de ensino secundario sacudiu todo o país de arriba abaixo. As folgas de estudantes, que estouparon tralo asasinato dun mozo de 15 anos a mans da policía, sacaron á luz todas as inxustizas, opresión e represión que sofre a mocidade e a clase traballadora de Grecia. Previo a isto as grandes mobilizacións de @mozo e traballadores gregos lograron paralizar os Plans de Bolonia. Estas mobilizacións de millóns de mozos, igual que as que aconteceron en Italia contra Berlusconi ou en Francia contra Sarkozy, teñen un denominador común: a protesta da mocidade contra a privatización do ensino público e a demanda dun futuro digno, que baixo o capitalismo non é posible.

O 4 DE MARZO: TODOS Á LOITA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO E DO NOSO FUTURO

No Estado español a loita contra a privatización do ensino público, contra os Plans de Boloña e por que os mozos e traballadores non paguemos a crise do capitalismo, ten que continuar, ampliarse e gañar máis apoio.

Dende o Sindicato de Estudantes sempre suscitamos que esta loita non debía quedarse no ámbito das universidades, senón que tiña que trascender aos institutos públicos e ao conxunto da clase traballadora, así como ter unha extensión o máis ampla posible en todo o Estado. Á luz dos acontecementos demostrouse que esta idea era cento por cento correcta. Á fin e ao cabo foi a partir das mobilizacións convocadas o 22-O e o 13-N, cando aos medios de comunicación non lles quedou máis remedio que apresurarse a “explicar” que é o que estaba sucedendo, posto que eran millóns de persoas nas súas casas as que comezaban a preguntarse que estaba pasando cos estudantes e por que ninguén dicía nada.

Por iso cómpre continuar coas mobilizacións, facelas aínda máis masivas e participativas, e vencellar aos estudantes cos profesores e o movemento obreiro. Os ataques que hoxe soporta o ensino público non só nos afectan aos estudantes, os profesores son tamén vítimas desta nova situación

O Sindicato de Estudantes coida que non podemos adoptar unha actitude pasiva fronte a estes ataques. Hai moito en xogo, e o único xeito de acadar que o Goberno do PSOE retire estas contrarreformas que só benefician aos empresarios e aos banqueiros, é mobilizándonos máis amplamente, máis extensamente. Por iso, **o Sindicato de Estudantes chamamos á Folga Xeral de estudantes de Ensino Medio e de Universidade para o 4 de marzo e a participar nas manifestacións dese mesmo día.** Só loitando poderemos parar todos estes ataques e garantir que se paraliza a aplicación dos Plans de Boloña, a anulación do endurecemento da selectividade aprobado a finais de novembro, así como da reforma que degrada e devalúa a FP. Dende o Sindicato de Estudantes facemos de novo un chamamento á unidade de acción aos sindicatos de profesores, UGT, CCOO e STEs, á CEAPA, e ao conxunto do movemento estudiantil a converter o día 4 de marzo nunha folga xeral de toda a comunidade educativa, porque os profesores, o persoal administrativo e os estudantes temos os mesmos intereses nesta batalla.

A loita é o camiño para conseguir as nosas xustas demandas. Convoca e organiza Asembleas para votar a folga e formar Comités de loita. Organiza reunións cos profesores do teu centro e facultade para gañar o seu apoio á mobilización. Únete ao Sindicato de Estudantes para fortalecer o movemento estudiantil de esquerdas, combativo e democrático.

**Todos á folga
e manifestacións
o 4 de marzo!**

**En defensa do ensino público. Non á privatización. Non a Bolonia!
Por un futuro digno e un posto de traballo ao rematar os estudos!
Que a crise a paguen os capitalistas!**

**Acode ás
manifestacións
e
concentracións
convocadas en:**

· Ferrol: ás 12:00 horas, no Edificio da Xunta
· Coruña: ás 12:00 horas, na praza da Palloza
· Compostela: ás 12:00 horas, na Alameda
· Pontevedra: ás 10:30 horas na
subdelegación do Goberno (Alameda)

· Vigo: ás 12:00 horas na Praza América
· Lugo: ás 12:00 horas en Maxisterio
(Avda Ramón Ferreiro)
· Ourense: ás 12:00 horas, no Pavillón dos
Remedios

www.sindicatodeestudiantes.org • galiza@sindicatodeestudiantes.org

· **Santiago:** 981 559 900 (extensión 12867) / 675 952 798 · **Vigo:** 626 853 892 · **Ferrol:** 678 420 888
· **SEDE ESTATAL:** 914 718 213 Fax: 914 280 397 sindicato@sindicatodeestudiantes.org